

## Unha de Refráns: fillos criados, traballos dobrados

Jaime Iglesias

Jose Manuel Castro Méndez

Os refráns recollen sinteticamente a sabedoría popular, froito da observación e da experiencia. Este refrán pon de manifesto que as relacións entre pais e fillos non son sempre fáciles e fluídas, en especial cando estes van sendo maiores. Non é nada raro que así suceda, pois os fillos, ó iren medrando, presentan problemas cada vez máis difíciles de resolver, por lles aumentaren as súas necesidades, compromisos e preocupacións que, en moitos casos, superan a capacidade resolutiva dos pais, á que

viñan estando acostumbrados os fillos.

A pesar da rancia tradición deste refrán, segue a estar de actualidade. Ás veces os traballos dobrados poden vir motivados porque os pais non se decatan de que os fillos, pouco e pouco, van adquirindo unha personalidade que hai que respectar. A isto engádese que, por razóns de estudos e de dificultades no mercado laboral, os fillos e as fillas adoitan permanecer no fogar paterno ata unha idade superior á que viña sendo considerada normal. Noutros casos,

os traballos multiplícanse por moitos enteiros para os pais. Por exemplo, se a un fillo ou a unha filla se lle dá por delinquir, consumir drogas, autorizadas ou non, e outras denigrantes trasnadas.

Por poñer aquí un toque de humor, citarei a anécdota que me contou un amigo sobre o que pensaba e dicía do seu fillo cando era pequeno:

- É tan bo, tan gracioso e quéroo tanto que, se non fose por Deus, comíao.

Pero cando o fillo foi maior preguntábase:

- ¿Por que non o comería cando era pequeno?

